



# FACTURACIÓN ELECTRÓNICA

Praza do Concello, s/n

Teléfono: 981 605 001

Fax: 981 606 331

O **Concello da Laracha** adhiúrese ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado, denominado **FACe** Punto General de Entrada de Facturas.

**A partir do 15 de xaneiro de 2015, todos os provedores** que entregaran bens ou prestaran servizos a este Concello **poderán remitir e expedir factura electrónica.**

E, **en todo caso**, quedarán **obrigados a facelo**, de acordo co artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, os seguintes provedores:

- a) Sociedades anónimas.
- b) Sociedades de responsabilidade limitada.
- c) Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española.
- d) Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes no territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.
- e) Unións temporais de empresas.
- f) Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de pensións, Fondo de capital de risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulación hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

De acordo coas bases de execución do orzamento do Concello da Laracha para o exercicio 2015, quedan **excluídas desta obriga** de facturación electrónica os provedores aos que lles sexa de aplicación este precepto, unicamente para aquelas facturas cuxo importe, IVA excluído, non supere os 5.000,00 euros.

## Modo de remisión das facturas

Os provedores, para remitir as súas facturas, deberán facelo a través do FACe na seguinte ligazón: <https://face.gob.es/es/>

Para a remisión de facturas precisarase dun Certificado Dixital válido emitido por calquera das entidades de certificación recoñecidas.

Nesta ligazón pódese consultar, remitir facturas e descargar a aplicación para xerar as mesmas: <https://www.administracionelectronica.gob.es/es/ctt/face>

Os provedores dispoñen dun manual que presenta as funcionalidades do sistema FACe.



# FACTURACIÓN ELECTRÓNICA

Praza do Concello, s/n

Teléfono: 981 605 001

Fax: 981 606 331

Facilítanse os **Códigos DIR3 Concello da Laracha**, que en calquera caso poderán consultarse na mesma páxina de remisión de facturas:

CÓDIGOS ORGANOS GESTORES Y UNIDADES TRAMITADORAS DEL AYUNTAMIENTO DE A LARACHA DIR 3 – TRAMITACIÓN FACTURAS.					
OFICINA CONTABLE		ORGANO GESTOR		UNIDAD TRAMITADORA	
CÓDIGO	DENOMINACION	CÓDIGO	DENOMINACION	CÓDIGO	DENOMINACION
LA0004177	Servicios económicos del Ayuntamiento de A Laracha	LA0004176	Alcaldía	LA0004177	Servicios económicos Ayuntamiento de A Laracha

## NORMATIVA APLICABLE:

- Ley 25/2013, de 27 de diciembre, de impulso de la factura electrónica y creación del registro contable de facturas en el Sector Público.
- Portal de la Factura electrónica del Ministerio de Industria, Energía y Turismo y del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.